

Volve pronto

Xa van varios días dende que partiches da vila e a túa ausencia séntese por cada un dos recunchos desta xélida e solitaria montaña. Incluso dona Emilia saíu ao balcón varias veces para ver se te atopaba por casualidade, que muller! Aínda pensa que podes volver en calquera momento, encántame a súa inxenuidade infantil disfrazada dunha imaxe envellecida. Eu xa aceptei a túa ida aínda que pase moito frío nalgunhas noites, desexando con moita forza que estiveses aquí. Os nenos da vila bótante tanto de menos que nin te imaxinas, ás veces están tan apenados que non queren nin ir ao colexio polas mañás. Para cada un é duro dalgunha forma. Paquiño xa non vai ao bar nunca, ao non terte por alí prefire encerrarse na súa casa e pór a tele ata que dan as doce e é hora de ir durmir, volveuse aínda máis sedentario do que o era. A miña prima Rosario só sae da casa para ir comprar algo de leite, e non lle dirixe a palabra a ninguén, encérrase na súa cabeza e no seu abrigo grosa e non hai quen a saque de aí, eu compréndoa bastante ben, e non a culpo por comportarse así, pois son cambios drásticos. A verdade é que ti eras a luz de todos e todas nós, e fuxiches tan rápido coma unha bágoa que recorre a miña face. Terei que facerlle caso a dona Emilia e ser paciente na túa espera, ao fin e ao cabo teremos que esperar a que pase este xeado inverno e a chuviosa primavera para que volvas ás nosas vidas, co teu sol e o teu fulgor.